

Estimadas familias.

Como xa sabedes, levamos uns anos apostando por un novo modelo de centro educativo que sexa quen de dar respostas ás actuais demandas que a sociedade fai ás institucións escolares.

Son 5 os piares que sustentan o modelo pedagóxico polo que estamos apostando:

- ✚ Nova organización espacio temporal
- ✚ Modificación metodolóxica.
- ✚ Asunción de un novo rol para o docente e para o alumnado.
- ✚ Incorporar os avances e demandas da sociedade á escola.
- ✚ Lograr unha maior implicación da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias e institucións da contorna)

Foi o pasado curso cando deseñamos e puxemos en marcha actuacións que daban resposta aos catro primeiro piares e quedou pendente para este curso incorporar estratexias e iniciativas que melloraran a participación das familias e do alumnado da xestión e organización do noso centro.

Así, é para nós un obxectivo prioritario este curso poñer a andar unha serie de iniciativas que serán do voso agrado e configurarán un verdadeiro potencial para o futuro do noso centro e do pobo de San Miguel de Deiro.

Entre as estratexias que imos incorporar este curso destacan as seguintes:

✚ **Comisións de mellora e sesións de titoría para o desenvolvemento emocional.**

En todo o centro, no momento colectivo, hai dúas sesións específicas dentro do horario que se distribuirán semanalmente: unha semana será a “sesión de titoría” e á semana seguinte a sesión que chamamos “comisións de mellora”.

Os obxectivos destas dúas sesións son:

- Analizar a realidade do grupo e as relacións, provocar a comunicación, facer aflorar situacións afectivas.
- Profundar no autoconecemento.
- Analizar problemas e temas sociais, axudar a desenvolver unha actitude positiva ante eles.

O profesor/a, para dinamizar as sesións de titoría, utilizará toda a información que diariamente vai recollendo nas diferentes actividades. O noso sistema posibilita ao alumnado expresar os seus sentimentos,

coñecerse mellor e canalizar as súas relacións; por tanto non é necesario inventar xogos, contamos continuamente con situacións reais.

O obxectivo das sesións das “comisións de mellora” é fomentar unha actitude positiva para a convivencia e levar a cabo diferentes iniciativas que puideran producir melloras no noso centro e en distintos eidos: convivencia, medio ambiente, estética interna e externa do centro, biblioteca, recreos, actividades extraescolares... ou outras que se consideren necesarias. En cada grupo de alumnos/as elixiranse responsables para cada comisión, que, cada quince días, se reuniran para analizar o que está sucedendo nesas realidade e propoñer melloras.

- ✚ **Visitas das familias que voluntariamente queiran ver “in situ” como traballa o alumnado dentro do centro:** Ao igual que o pasado curso abrimos o colexio para que mestres doutros centros coñeceran o modelo de centro que deseñamos, este curso queremos que sexan as familias do alumnado as que nos veñan a visitar para que vexan en directo como nos organizamos e como traballamos cos vosos fillos e fillas.
- ✚ **Grupos Interactivos:** Ao igual que fixeramos fai xa dous cursos (con moi boa acollida e bos resultados) cando organizamos a posibilidade de que familias, veciños, adultos... voluntarios acudiran ao cole para axudar ao alumnado a interactuar co obxectivo de darlle solución ás tarefas escolares, este curso pretendemos sistematizar esta proposta de xeito que trimestral, mensual, quincenal ou semanalmente familias voluntarias acudan ao colexio para este fin.
- ✚ **Faladoiros literarios, matemáticos, artísticos, científicos, pedagóxicos...** Trátase da organización por parte do centro de reunións coas familias, que voluntariamente queiran asistir, para compartir coñecementos, impresións, interpretacións...sobre un tema científico, unha vertente artística, unha obra literaria, un método de ensino... etc.
Deste xeito, a través do diálogo e as aportacións de cada familiar xérase un intercambio enriquecedor que permite profundar naquelo sobre o que trata o faladoiro. En cada sesión unha das persoas participantes aume o rol de moderador/a (ao inicio será un mestre/a) coa idea de favorecer a participación igualitaria entre todo o alumnado. Por exemplo, no faladoiro literario todo o alumnado se compromete a ler un número de páxinas ou capítulos e a elixir parágrafos que logo no faladoiro len en voz alta e explican o porqué da súa elección. Debatendo ao redor deles.
- ✚ **Sesións formativas para familias sobre temas de interesa educativo:** o uso da tecnoloxía no centro, formación de usuarios da biblioteca, método



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA

C.E.I.P. DE VIÑAGRANDE - DEIRO

Rúa Viñagrande 65ª.

36620. San Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa)

Tfno e fax 886 151 901

ceip.vinhagrande.deiro@edu.xunta.es

ABN de matemáticas que se usa no centro, sesión formativas adicadas a temáticas de relevancia e actualidade como a violencia de xénero, o uso das redes sociais nos rapaces, o acoso escolar, a convivencia pacífica, a diversidade como enriquecemento mutuo...etc.

Nestes momentos existen equipos de mestres no centro que están organizando todas estas novidades para que este mesmo trimestre poidamos poñelas en funcionamento.

O obxectivo desta mensaxe non é outra que a de animar a todas as familias a participar. Entendemos que un centro educativo debe estar moito máis aberto aos axentes que o conforman e que a comunidade educativa debe estar máis presente na vida do centro.

Un saúdo e ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!

En San Miguel de Deiro a 14 de setembro de 2017

O EQUIPO DOCENTE DO CEIP DE VIÑAGRANDE DEIRO